

A portrait of Ana Ulla Miguel, a woman with dark, wavy hair, wearing a black jacket and a grey and white striped scarf. She is looking directly at the camera with a slight smile. The background is a blurred indoor setting.

Quero ser investigadora

Universidade de Vigo

5

**Ana
Ulla
Miguel**

Edición

Unidade de Cultura Científica e
da Innovación da Universidade de Vigo

Dirección

Mónica Valderrama Santomé

Revisión lingüística

Área de Normalización Lingüística
Eva María Castro Figueiras
María Cristina Rodríguez Ricart

Impresión

Tórculo Artes Gráficas
Vigo, 2025

D.L

VG 291-2025

ISBN

978-84-1188-063-3



Autora das fotografías

Charo Lopes

© Universidade de Vigo

Coa colaboración da Fundación Española
para a Ciencia e a Tecnoloxía (FECYT),
Ministerio de Ciencia, Innovación e
Universidades

Ana Ulla Miguel

Sempre nos preguntamos que hai no ceo.
A humanidade leva séculos
mirando as estrelas e os planetas.
Pero que pasa cando esa curiosidade
se converte nun traballo?

Ana sempre quixo entender o mundo.
De pequena descubriu que
algunhas respostas estaban no ceo.
Hoxe é **astrofísica**, unha
científica que estuda as estrelas.



Astrofísica

A astrofísica é a ciencia
que estuda as estrelas,
os planetas e o universo.

Usa as leis da física
para entender
o que vemos no ceo.

Que querías ser de maior?

Gustábanme moito as ciencias.

Aos oito anos, un físico visitou o colexio.

Explicounos como funcionan as cousas.

Pareceume increíble!

Ademais, a miña nai sempre me dicía:

“Estuda o que queiras, pero estuda”.

Cando decidiches estudar astrofísica?

Aos 13 anos, comprei un libro de astronomía e aprendía soa.

Non tiña telescopio,
pero tiña os ollos, un libro e
unha lanterna vermella
para ver mellor de noite.





Que científica histórica
che gustaría coñecer?


Carolina Herschel foi unha científica que,
no século XVIII, traballou co seu irmán
e descubriu **cometas**.

Foi unha das primeiras mulleres
recoñecidas na astronomía.

Cometa

Son grandes bolas de xeo
desprendidos dos planetas,
como restos da súa propia
formación.

Brilan no ceo
porque reflicten a luz do sol
como nun espello.



No teu traballo hai que experimentar?

Non podemos viaxar ás estrelas,
pero estudámolas coa luz que nos chega.

Usamos **telescopios** e **satélites**
para analizar os datos.

Para que serve a astronomía e astrofísica?

Antes, a xente usaba as estrelas
para orientarse e medir o tempo.

A investigación espacial
axuda a mellorar tecnoloxías
que usamos todos os días,
como as telecomunicacións.


Satélite

Naves espaciais
equipadas con
instrumentos y cámaras
para estudar a Terra e
outros planetas, axudar nas
telecomunicacións e
observar o universo de lonxe.

Que descubrimento che gustaría ver?

Atopar vida noutro planeta!

No universo hai moitos mundos,
así que é posible que haxa vida nalgún deles.



UniversidadeVigo

Unidade de Cultura Científica
e da Innovación (UCC+i)

Vicerreitoría de Comunicación
e Relacións Institucionais

Coa colaboración de:



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE CIENCIA, INNOVACIÓN
Y UNIVERSIDADES

